



3ª EDICIÓN. BOLSAS CULTURAIS INTERNACIONAIS “PINTOR DE CASTINANDI”. VERÁN 2023

**BOLSAS CULTURAIS INTERNACIONAIS “PINTOR DE CASTINANDI”.
CONCELLO DE SOBER. LUGO. GALICIA. ESPAÑA.**

Promueve:

Organiza:



**CONCELLO
DE SOBER**



O Concello de Sober (Lugo. Galicia. España) convoca 3 Bolsas Culturais Internacionais “Pintor de Castinandi ” para o verán 2023, co obxectivo de impulsar o crecemento cultural a nivel internacional, fomentar o estudo e facilitar o desenvolvemento persoal de tres persoas, que poderán asistir de maneira gratuíta a un dos 3 Talleres de Verán que organizamos en cada disciplina.

O taller de fotografía celebrarase do 9 ao 14 de Xullo co recoñecido fotógrafo Alberto García-Alix.

O taller de pensamento celebrarase do 23 ao 28 de Xullo co escritor, músico e poeta Ramón Andrés.

O taller de cinema celebrarase do 30 de Xullo ao 4 de Agosto co cineasta Pedro Costa.

Os talleres levaranse a cabo na localidade de Rosense, Sober, Lugo, Galicia, España.

QUE SON AS BOLSAS CULTURAIS INTERNACIONAIS “PINTOR DE CASTINANDI” DO CONCELLO DE SOBER?

Son formacións culturais internacionais, destinadas a persoas de ata 40 anos, promovidas e patrocinadas polo Concello de Sober, e organizadas polo proxecto cultural A Plantación. Encontros e Coñecemento, a través de Talleres de Verán. Nesta ocasión cada bolsa ten un valor de 795€.

(A Plantación. Encontros e Coñecemento é un proxecto cultural feito desde Galicia, onde se cultivan e comparten experiencias ao redor de distintas artes. O método de traballo consiste en propoñer encontros abertos entre un autor e calquera persoa que estea interesada (profesional e non profesional) co obxectivo de reflexionar ao redor de proxectos e intereses creativos).

Mediante esta convocatoria, o Concello de Sober busca a tres persoas con inquietudes artísticas e culturais e coa necesidade de seguir formándose que posúa un destes perfís:

3ª EDICIÓN. BOLSAS CULTURAIS INTERNACIONAIS “PINTOR DE CASTINANDI”. VERÁN 2023

- 1 Ata 40 anos.
- 2 Estudantes en activo matriculados actualmente nuns estudos próximos á especialidade de cada taller.
- 3 Titulados en estudos relacionados coa especialidade de cada taller.
- 4 Outras persoas.

As persoas interesadas han de presentar unha carta de motivación, onde indicarán porqué quere facer o taller, como cren que poderán aproveitalo nun futuro etc. Tamén han de enviar unha mostra do seu traballo persoal (dossier), relacionado coa especialidade en que soliciten a bolsa.

As solicitudes presentadas serán avaliadas por un comité e as ideas rexistradas permanecerán en todo momento baixo a propiedade intelectual das persoas participantes.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

1. Dirixida a persoas de ata 40 anos, interesadas en ampliar a súa formación.
2. Carta de motivación e dossier.
3. A participación e recepción dos proxectos estará aberta desde o día 26 de xuño de 2023 ás 00:00 horas, ao día 30 de xuño de 2023 ás 23:59 horas (hora de España). As datas son improrrogables. Unha vez finalizado o prazo de recepción de solicitudes, enviarase un mail de confirmación ao participante. Se o recibe, significa que a participación chegou correctamente e que cumpre os requisitos esixidos.
4. Enviar a: **info@laplantacion.info** un cartafol en PDF con nome e apelidos. Exemplo: Ana García.pdf.
Ha de conter:
 - 4.1 Carta de motivación (motivo polo cal se solicita a bolsa).
 - 4.2 Dossier co traballo persoal, que inclúa ademais estes datos persoais: Nome completo e número de teléfono.
 - 4.3 Fotocopia do DNI (por ambas as caras) ou Pasaporte.
5. A persoa gañadora da bolsa, deberá ter dispoñibilidade para participar durante seis días de formación experiencial, totalmente presencial (no taller de verán para o que solicita a bolsa, devandito taller levará a cabo na “Casa Grande de Rosende”. Rosende, Sober, (o taller inclúe manutención en pensión completa). Os desprazamentos ata o lugar onde leva a cabo o taller son a cargo da persoa bolseira).

Podes atopar máis información dos Talleres de Verán nas seguintes ligazóns:

- 1. Taller de Verán de fotografía con Alberto García-Alix. Do 9 ao 14 de Xullo.**
<https://laplantacion.info/2023/04/12/alberto-garcia-alix-xullo-2023-taller-de-verán-presencial-fotografía/>
- 2. Taller de Verán de pensamento con Ramón Andrés. Do 23 ao 28 de Xullo.**
<https://laplantacion.info/2023/02/03/ramon-andres-xullo-2023-taller-de-verán-presencial-pensamento/>
- 3. Taller de Verán de cinema con Pedro Costa. Do 30 de Julio ao 4 de Xullo.**
<https://laplantacion.info/2023/02/02/pedro-costa-xullo-agosto-2023-taller-de-verán-presencial-cinema/>

3ª EDICIÓN. BOLSAS CULTURAIS INTERNACIONAIS “PINTOR DE CASTINANDI”. VERÁN 2023

FALLO DO COMITÉ:

Os días 1 e 2 de Xullo levarse a cabo a fase de lectura, análise e valoración dos proxectos, tenendo en conta os requisitos anteriores. A avaliación será a cargo dun comité formado por dous representantes, un do Concello de Sober e outro da Plantación.

O fallo do xurado notificarase a través do correo electrónico á persoa gañadora da bolsa o día 3 de Xullo de 2023.

ACEPTACIÓN DAS BASES:

A participación nesta convocatoria de bolsa supón a aceptación total destas bases, así como a composición do comité de avaliación e o seu fallo. Por tanto, as súas decisións non poderán ser obxecto de impugnación e estarán facultados para resolver calquera situación non prevista nas bases na forma que consideren oportuna. O incumprimento de calquera dos requisitos esixidos, ou a falta de documentación requirida, excluírá a participación nesta convocatoria, perdendo todo dereito sobre a bolsa outorgada. Só se admitirá unha participación por persoa, quedando excluídos aqueles proxectos recibidos por duplicado.

Baixo ningunha circunstancia se poderán cambiar a bolsa pola súa equivalente compensación económica.

O Concello de Sober e A Plantación, de mutuo acordo resérvanse o dereito de cancelar este programa de bolsa se así o estimase conveniente ou se ocorresen supostos especiais, circunstancias excepcionais que impedisen a realización do Taller de Verán.

PROTECCIÓN DE DATOS:

O contido dos proxectos presentados será confidencial e utilizarase a efectos de valoración para a selección de gañadores no programa de bolsas do Concello de Sober, polo que non utilizarán estes proxectos para fins propios e de terceiros.

Os participantes que participen na convocatoria desta bolsa dan o seu consentimento expreso para que os seus datos persoais facilitados queden incorporados de forma confidencial a un ficheiro automatizado e non automatizado do que é titular o Concello de Sober. En ningún caso cederanse datos a terceiros, salvo obrigacións legais. O Concello de Sober dispón de todas as medidas necesarias para garantir a seguridade e confidencialidade destes datos. Os participantes poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Sober (Praza do Concello, s/n, 27460, Sober - Lugo, Galicia. España).